

# diversificar a programación - o caso Carballo

entrevista de Gena Baamonde a Carmen Castro, programadora do Pazo da Cultura de Carballo



## Camiñar cara unha escena plural. O caso do Pazo da Cultura de Carballo.

*Gena Baamonde: Carmen, gustaríame falar contigo sobre esta idea de camiñar Cara unha escena plural en Galicia como propón esta mesa de traballo que considero máis que necesaria. E sobre todo, para deternos no caso do Pazo de Cultura de Carballo onde levas tantos anos traballando. O caso de Carballo resulta un exemplo case único, realmente é un espazo que ten unha serie de programas cunhas características que non se dan noutros espazos como podería ser o Primavera en Danza. Creo que sodes un dos poucos espazos que mantedes un programa de danza de xeito tan estable, dende hai tantos anos, non sei se hai outro semellante na xeografía galega.*

*Carmen Castro: Eu creo que de maneira tan estable non, creo que debe ser dos máis antigos de Galicia non sei se é dos mellores que iso non o discuto, porque o Primavera en Danza é un programa modesto, nada ambicioso, ambicioso si na calidade e no contido que tenta ofrecer. Certo que levamos moito tempo, 17 ou 18 anos con regularidade, con estabilidade, con ese programa, como un espazo fixo para a danza. Noutros lugares houbo outros espazos pero acabaron desaparecendo e agora hai outros máis recentes, máis amplos, cunha dimensión maior. O noso está un pouco adaptado, ou iso intento, ao noso contexto: estamos nunha vila, temos outro orzamento que nunha cidade e tamén un público diferente e, este programa está adaptado a isto.*

*Gena: Xa que falas do contexto, a min me interesa tamén destacar isto, dis que estades nunha vila pero é unha vila que está moi aberta ás artes escénicas, moi acostumadas a ver cousas moi diferentes cunha parte de público que vai a ver danza contemporánea e de feito tedes un público bastante fiel coa danza, non? o Primavera en Danza ten boa saúde, funciona ben co público, non?*

# “na danza, buscar ese contacto entre as compañías e o público é un recurso esencial”

*Carmen:* Si funciona ben, eu estou satisfeita co programa pero a ver, na súa medida, é dicir, hai que facer moitos exercicios de relativización dos resultados. Efectivamente, é difícil programar danza contemporánea no noso contexto e creo que non só en Galicia, porque se consultas con xente doutros lugares de España, case sempre teñen esa dificultade especial coa danza que custa salvar. Eu creo que se pode acabar salvando, o traballo pode ser máis desagradecido que outros que teñen resultados máis claros en cifras pero, a pesar do esforzo, a pesar de todo isto, non temos o mesmo público neste programa de danza que noutros programas de teatro, por exemplo.

*Gena:* *Si?, entón ti notas esa diferencia tan grande de público?, a pesares dos anos que leva o Primavera en Danza?*

*Carmen:* Si, claramente e a pesares dos anos que leva. É un traballo que require moita constancia, moita insistencia, hai que estar moi enriba del, nunca vai só, necesita un acompañamento todos os anos, hai que seguir facendo o esforzo. Aínda que non é como ao principio había a dúbida sobre se lle interesaría a alguén, se alguén ía responder. Iso está superado pero segue a haber unha dificultade grande en chegar ao público, en convencer, unha dificultade maior que noutros ámbitos, moito maior que no teatro, evidentemente.

*Gena:* *Asociadas ao Primavera en Danza facedes actividades complementarias como obradoiros, presentacións, ou algún concerto para pechar ou abrir, como estratexia para chamar á xente, sempre hai algunha actividade asociada, non?*

*Carmen:* Sempre, creo que é esencial dentro das programacións e, sobre todo, naquelas que son máis arriscadas ou teñen maior dificultade. Tamén é algo constante no *FIOT*, para min unha programación escénica é unha programación cultural e, na medida en que o público teña un contexto para o que estás ofrecendo, que se enriqueza a proposta con outras accións paralelas que lle dan contido, chegas a outro tipo de público que senón non chegarías.

O ideal sería facelo con todas as propostas aínda que non sempre podes pero si, alomenos, con aquelas que teñan un maior grao de risco ou que son máis sensibles. Senón fixeramos iso, os resultados serían peores e, ao final o público nota ese mimo, esa atención especial e reaccionan doutro xeito, reaccionan dunha maneira máis positiva. Acompañar a programación escénica con outras propostas é esencial para conseguir un resultado, por iso intentamos enriquecer o programa con accións de diferente tipo.

Para o *Primavera en Danza* é esencial o contacto entre as compañías e o público, sempre facemos un encontro posterior; cando remata a función para que poidan explicar un pouco o proceso de creación. Na danza, hai como un maior misterio, hai conceptos ou certos recursos como máis raros para o público e poden preguntar, cousa esencial para normalizar esa programación. A danza contemporánea ten ese prexuízo, de algo pechado, unha historia rara que non é para min. Romper iso é complicado e, ás veces, conséguese falando, explicando, isto faise así desta maneira con este traballo, con este rigor e utilizamos este recurso por este motivo, e este por este outro motivo.

A xente ao final, independentemente de que lle gustase o espectáculo, percibe o traballo que hai detrás e dálle outra dimensión ao que acaba de ver. Na danza é un recurso esencial, buscar ese contacto entre as compañías e o público, con todo tipo de accións que se nos ocorran en función do espectáculo. Exposicións para que haxa unha visión plástica do tema, unha master-

# “O traballo cultural é un traballo moi lento e moi de pequenos xestos; é difícil de medir”

class, algunha actividade en institutos. Tentamos que a rapazada non vexa a danza como algo alleo, ao mellor no noso contexto máis inmediato non hai unha formación especializada en danza contemporánea, pero si hai moita xente que igual lle gusta a danza tradicional e o baile e hai que tentar que saian da súa parcela, pódete interesar a danza contemporánea aínda que non a queiras practicar. Intentamos tamén buscar eses outros espazos, como unha praza, un xardín, un mercado, diferentes espazos, dándolle esa normalización no espazo público á danza.

*Gena: Con todo o que dis, é moitísimo traballo que vai parello e tedes abertas liñas moi diversas. Acabades de empezar, creo que este é o segundo ano, unha colaboración coas Residencias Paraíso, non? E aparte de ter o seu espazo de investigación e creación para as/os creadores, van acompañadas tamén de accións e actividades abertas á cidadanía. Imaxino que isto terá unha repercusión, que axudará tamén a entender mellor o traballo de creación e investigación?*

*Carmen: As repercusións a curto prazo son limitadas, todo colabora para que haxa unha coherencia no que ofreces. Queremos apoiar a creación na medida das nosas posibilidades, facilitar a presenza aquí de creadores e creadoras, aínda que non se perciba ese traballo de maneira inmediata. Realmente o traballo cultural é un traballo moi lento e moi de pequenos xestos, moitas veces non sabes en que medida repercute, é difícil de medir.*

Nas *Residencias Paraíso* o que lle pedín, ao *Colectivo RPM*, cando as crearon e nos ofreceron participar é que revertira no público de algunha maneira, sexa en 20, ou en 12 persoas, nas que sexan, porque cada proxecto é diferente e non sempre admite as mesmas opcións. Aínda que non é o noso obxectivo dende un municipio, a produción ou a creación, sí que é importante buscar esa conexión co público e a cidadanía en xeral. Tamén dende o punto de vista das institucións que poidan entender que isto pode ser unha parte do noso traballo. De todos xeitos, creo que dende a creación cando falades cos concellos, non sodes conscientes de que temos algunhas competencias determinadas por lei, temos que xustificar sempre o noso traballo dentro desas competencias, por exemplo coas *Residencias Paraíso* tiveron un certo problema con intervención municipal que non me deixaba gastar os cartos niso, aducindo que a creación non era competencia nosa.

*Gena: Xa, non o entendían...*

*Carmen: Facer entender á institución que apoiar a creación cunha residencia non é estar asumindo unha competencia que non é túa. Facerlles entender que a promoción cultural, tamén ten que ver con isto, debemos ter unha relación, non temos liñas de axudas pero non quere dicir que non debemos realizar algunha acción aínda que sexan dunha dimensión pequena e serven tamén para que a institución amplíe un pouco a mirada. Aquí non non só estamos programado espectáculos ou abrindo o teatro para que a xente pase, marche e xa está. Hai que pretender algo máis. E ademais creo que como profesionais, para nós, tamén é relevante estar en contacto coa creación, ampliar a perspectiva, xa que moitas veces este tipo de proxecto non se poden medir a curto prazo, nin cuantitativamente.*

*Gena: Co que ti dis, Carmen, a min ao que me leva é a pensar na fragilidade, a pensar que nun contexto como o de Carballo que levades tantos anos traballando e podemos pensar que xa están acostumados a certas propostas parece que non é así. Resulta importantísimo que se teñan eses outros puntos de vista conforme non importan só as cantidades importa tamén a calidade e vale que o traballo na cultura vai moi lento pero creo que é moi importante que as institucións saiban, que tamén*

# “un concello ten que traballar para toda a cidadanía; as maiorías e as minorías, non?”

*un dos seus deberes é a diversidade na cultura porque senón estamos sempre a voltas co mesmo. Sorprende que ti que levas tanto tempo traballando nesta diversificación, aínda teñas dificultade con programas como as Residencias Paraíso.*

*-Carmen:* As institucións nese sentido, son como... moi opacas, e hai persoas noutras áreas do concello como a área económica ou de administración xeral que non entenden o que facemos, pasa incluso en temas como a contratación, non podes contratar un espectáculo coma se fosen parafusos. Os servizos cos que tratamos habitualmente teñen esa mentalidade, servizos económicos, xurídicos... teñen unha mentalidade que non se adapta moito á cultura. Non saben por que nos empeñamos en facelo doutro xeito e tamén, claro, xera máis traballo pero eu non podo facer este traballo doutra maneira porque non son parafusos nin estou tratando con empresas de obras de construción.

A administración preocúpase polo procedemento administrativo e até certo punto é entendible, polo que sae fóra, non polo contido, nin a motivación, nin os obxectivos, nin se preocupa do sentido da cultura na sociedade, e nós atopámonos con esas trabas. Incluso o tema dos resultados...a cada concelleiro novo que teño o primeiro que lle digo é que no Primavera en Danza, non hai que preocuparse dos resultados, do número de espectadoras/es, xa lle digo antes de que me pregunten. Isto non vai diso...

E volvendo un pouco ao que dicías ti sobre o contexto, creo que un concello, ten que traballar para toda a cidadanía e toda, non son as maiorías...toda son as maiorías e as minorías, non? Creo que é importante ter en conta, o noso contexto social, territorial, cultural e, dentro dese contexto, atender ao maior número posible de intereses, de persoas, cidades, e de necesidades...hai outro tipo de cousas, hai público ao que lle pode interesar algo diferente que aínda non sabe o que é.

*Gena:* Quizais, Carmen...o OTNI, naceu por algo así...intentar programar dentro do FIOT cousas máis arriscadas?

*Carmen:* Efectivamente, naceu porque atopabamos que dentro da programación do FIOT había propostas diferentes que se nos escapaban que nos parecían de moito interese...e era unha pena que non se coñecesen.

O OTNI, naceu como de varias frustracións... de dicir, a ver isto por que non o podo contratar?, porque era consciente de que o espazo do auditorio non era o axeitado, non podía dar ese salto, forzar ao público habitual do FIOT a esta proposta. Xurdiu, entón como unha necesidade nosa ao ver que había propostas que non encaixaban no contexto convencional do festival e tamén, quizais, pola propia maduración de parte do público do festival que leva moitos anos, ten unha traxectoria grande, este ano o FIOT cumpre 28 anos.

*Gena:* O OTNI, tamén leva bastante tempo, non? Xa é un programa asentado?

*Carmen:* Si, non che sei dicir exactamente... 10 anos leva... si, efectivamente este ano é a décima edición. É un programa moi satisfactorio, a xente xa sabe o que é un OTNI, un Obxecto Teatral Non Identificado que lle chamamos. Un programa dirixido a unha minoría que merece o mesmo respecto que a maioría, vai dirixido como a 100, 75 persoas segundo o tipo de proposta.

# “o público como conxunto evoluciona, vai educándose”

O OTNI, ten o seu prestixio e a súa consideración dentro do festival. Buscamos un nome para o ciclo para identificar mellor este tipo de propostas e que o público tivese claro que tiñan unha marca un pouco distinta que estaban orientados de outra maneira e creo que isto é positivo, aínda que ao tempo a propia marca tamén pode obstaculizar un pouco...

*Gena: iso mesmo ía preguntar eu...colocar a danza contemporánea nese ciclo aparte e despois tamén estes OTNIS xa cunha etiqueta non fai que resulte complicado programar danza ou creación contemporánea na programación regular?*

*Carmen:* Si custa, evidentemente, e non o facemos de maneira habitual, precisamente porque creo que a maioría desas propostas requiren un apoio a maiores, reciben algo máis de axuda. Ás veces supón un obstáculo ou incluso unha dúbida.

O ano pasado, por exemplo, programamos un espectáculo que en principio ía para o OTNI e despois decidimos encaixalo na programación ordinaria, pensamos, isto realmente é un OTNI, pero ao público máis convencional tamén lle pode interesar. Ás veces non sabemos até que punto é unha cousa ou outra, non? Ou se o público o vai admitir ou non...

O das etiquetas...as veces é un obstáculo...se lle dis ao público que vai ver danza contemporánea ou un OTNI, xeralmente pensa, iso non é para min. Hai outra parte do público, sen embargo, que van só ao OTNI. As etiquetas teñen iso, pero eu creo que ao final que o público identifique, saiba, sexa máis ou menos consciente do que vai ver, creo que é positivo.

E tamén o público como conxunto, evoluciona, vai educándose. No festival tamén pasou que percibiamos que había espectadores/as que querían ver algo máis, atopar algo distinto que lles sorprendera, que lles aportara algo diferente aínda que logo non lles gustara. Iso responde a unha evolución, non é que o público tiveran xa esas pretensión senón que quizais despois de anos vendo teatro no festival ou noutras programacións...

*Gena: Queren ver outras cousas tamén.*

*Carmen:* Si, de repente teñen a curiosidade ou interese de ver outra forma de facer as cousas.

*Gena: Aí estaríamos outra vez no necesario da diversidade, non? Queiras que non a todo o mundo gústalle que lle sorprendan ás veces...*

*Carmen:* O ano pasado programamos un espectáculo dentro do ciclo OTNI, ‘La tristeza de los ogros’, do director belga Fabrice Murgia que era un espectáculo cunha factura bastante contemporánea pero por necesidades da montaxe tivemos que facelo no auditorio. Tentamos tamén sempre diferenciar os traballos polo espazo, intentamos buscar...

*Gena: Por que os OTNI teñen un espazo fixo?*

*Carmen:* Habitualmente son no segundo andar que é un espazo de menor capacidade, menos convencional, non ten un escenario ao uso que permite unha representación máis próxima ao público...e neste caso, de ‘La tristeza de los ogros’ pola montaxe tiña que ser no auditorio. Entón fixemos unha campaña moito máis insistente, explicando que era algo non convencional, un espectáculo dun director belga que tivera moito éxito e atraímos a unha porcentaxe relativamente

# “o resultado foi moi satisfactorio, saían dicindo que querían máis cousas destas”

alta de público máis convencional e o resultado foi moi satisfactorio, saían dicindo que querían máis cousas destas.

Sigo pensando que as etiquetas hai que poñelas, que axudan pero, ás veces, cando consegues sobrepasalas, ves que o público é máis diverso do que pensamos, ten intereses que descoñecemos, gústalles atopar algo distinto e iso intentamos... crear certo equilibrio, que haxa diversidade, pluralidade. Tendo en conta tamén que o público evoluciona e hai espectáculos tanto no Primavera en danza como no OTNI, que non programaríamos hai 10 anos, e que podemos programar agora, sen ningún tipo de problema, sen ningún tipo de prexuízo e con outra confianza.

*Gena: Claro, é necesario darlles un tempo ás programacións para que se asenten, crezan e polo que dis, na equipa sodes quen de ler que agora podedes ser máis arriscadas na programación?*

*Carmen: Non me cabe dúbida...o público como colectivo madura, é moi interesante ver como hai esa evolución e dende logo, agora teño unha confianza para programar determinados espectáculos que ao mellor hai uns anos non tiña. Aínda así, dosificar todo iso é complicado e, ás veces, percibes, que se arriscas demasiado, e programas algo fóra de tempo, repercute negativamente... É un equilibrio moi delicado... por iso, custa tanto arriscar, por ese medo a sobrepasar... pensas, temos que esperar un pouco para isto?, ten que haber unha proposta intermedia antes que esta?, é complexo, é complexo...*

*Gena: A min non me gusta nada poñer etiquetas no sentido de definir só dun xeito o traballo. Moitas veces nos queixamos das etiquetas coas que nos vemos moitas veces obrigadas a definir os traballos, sabendo que moitas creacións están a cabalo entre unha cousa e outra, pero entendo que moitas veces se lle dea un uso no sentido que ti dicías para crear un contexto para o público. Dentro destas etiquetas habituais, notas diferenza na recepción entre a danza e o teatro contemporáneo? Cres que funcionan mellor as propostas de teatro contemporáneo do OTNI que a danza contemporánea do Primavera en danza?*

*Carmen: Quizais sexa un pouco máis difícil a danza contemporánea, como que se lle ten máis medo pero tampouco hai grandes diferencias. Ademais a danza neste momento conxuga moitas disciplinas... ten unha linguaxe moi rica, con moitos recursos, pode haber texto tamén, poden facer unha interpretación máis global do que ven e, en xeral, o público sae moi satisfeito. Quizais hai uns anos era diferente, había propostas máis duras pero agora as propostas en danza son moi ricas. Sigo pensando que as etiquetas, a información para o público é boa, aínda que este tipo de traballos sexan máis mesturados, ao final o público vai ver, que o que entende por danza, as veces, é moito máis que movemento.*

*Gena: E outras veces de programar danza contemporánea fóra do ciclo de Primavera en danza, cres que funcionou?*

*Carmen: Facemos algunhas cousas fóra do ciclo pero normalmente con algún motivo concreto, nunha outra ocasión que se fixo funcionou peor. No ciclo está dentro dun contexto, onde hai dinámicas ao redor, e un espectáculo se apoia no outro. Ao principio de Primavera en danza, ao mellor non nos primeiros anos, pero despois, intentaba intercalar algunha función de danza nas outras programacións e resultaba francamente peor, ao mellor tampouco insistimos o suficiente, non digo que non, pero como os recursos son limitados...claro, o ideal, evidentemente é normalizalo co resto da programación.*

# “nós non facemos programación só para Carballo; temos vocación comarcal”

*Gena: Quizais a cousa sería que tamén houbera outros contextos similares en Galicia que apoiaran a danza que reforzaran o contexto. Nos últimos anos, o retroceso, sobre todo, na danza, en poder ver danza, producir, en distribuír os traballos foi moi grande despois dunha anterior etapa duns anos bastante bos...*

*Carmen: Pois eu creo que agora hai unha mellora...levamos dous ou tres anos...*

*Gena: Si, quizais estes últimos anos...*

*Carmen: Volve a haber un repunte, máis interese, máis propostas, máis dinamismo...buf!...houbo uns anos moi duros no medio, si hai tempo pero agora hai unha diferenza substancial, en número, en diversidade, en enriquecemento das propostas, agora a verdade, penso que vamos por bo camiño.*

*Gena: Si eu tamén creo que hai certo repunte nas creacións pero eu son unha optimista nata senón non seguiría nesta profesión, aínda así, non creo que axude moito que onde se programe danza de xeito regular sexan en tan poucos espazos.*

*Carmen: Nós non facemos a programación só para Carballo, iso é outro dos temas que tamén me parece relevante, nese sentido temos vocación comarcal e non só comarcal eu creo que podemos atraer público doutros lugares. Sobre todo con espectáculos que teñen este carácter máis arriscado e aí detectamos que ven xente de Santiago ou da Coruña ou de Vigo...este espazo é un referente en diferentes ámbitos digamos económico, turístico ou cultural e a programación cultural ten moito que ver con iso. Nese sentido tampouco hai porque limitarse, o limitado son os recursos que hai que graduar e repartir en función de todos os intereses que hai que atender, de toda a diversidade que pode haber na cidadanía.*

*Gena: Xa que falas de diversidade, Carmen, no concello tedes tamén outros programas como o Carballo Interplay ou o Rexenerafest, non sei se tedes algún programa máis que ti queiras destacar que contemple a creación ou a danza contemporánea?*

*Carmen: O Carballo Interplay é un programa que vai na liña de creación audiovisual tamén contemporánea, pero non o xestionamos dende cultura, faise dende turismo igual que O Rexenerafest que é un festival de pintura mural, arte urbana no espazo público que se fai agora en xuño, leva tamén algúns anos e ten unha forte repercusión e deixa unha pegada moi visible na vila. Todo isto tamén axuda e dá perspectiva ao público da creación contemporánea e das tendencias actuais noutras disciplinas.*

Tamén temos dentro do FIOT, o certame *Metro Cadrado*, que vai dirixido a propostas emerxentes para espazos non teatrais e de pequeno formato e aínda que non está exclusivamente centrada na creación contemporánea, sí caben todo tipo de disciplinas e xéneros, por exemplo o ano pasado tivemos nunha galería de arte unha peza de danza de Diego Buceta e había dende crianzas de 5 anos a persoas de 60, xente que pasaba por alí case de casualidade e que se atoparon cunha peza de danza. Neste certame buscamos tamén que as pezas estean adaptadas ou especialmente creadas para un espazo en concreto, explorando todas as posibilidades de espazos non convencionais. Fíxemolo nunha panadería con forno tradicional, nunha floristería, nun baño, nunha fábrica, nunha perruquería... onde a propia clientela pode atopar esta actividade.

# “para a diversificación da programación o único discutible é a medida”

Tentamos relacionarnos con axentes sociais moi diversos. Estes días está a saír a convocatoria e na relación de espazos podemos atopar o despacho da alcaldía, falei co alcalde e puxo a disposición o espazo sen ningún problema.

*Gena: Para rematar, a min gustariame volver a esta lectura positiva que comentabamos antes pensando que nos últimos anos podemos albiscar un novo pulo da danza e da creación contemporánea do que tamén o teu, o voso traballo, é un exemplo puntual que pode axudar a outros concellos a ver a necesidade e a viabilidade de diversificar a súa programación cultural incluíndo a creación contemporánea. Vale que é complicado pero é posible.*

*Carmen: É posible e necesario, eu creo que responde a obxectivos básicos que debemos ter:*

Creo que o único discutible é a medida, será en maior ou menor medida, con máis ou menos regularidade pero é imprescindible facelo. Para darlle un pouco de coherencia a calquera programación tes que incluír diversas disciplinas e, evidentemente a danza, a creación contemporánea, é imprescindible na actualidade. Ao fin e ao cabo, é a nosa perspectiva do que se está a investigar do que se está a crear neste momento, ten que estar.

Realmente a discusión debera ser canto?, que parte do gasto podo meter nisto? Ter en conta moitos factores que hai que contemplar ao facer unha programación, o público, as propostas, as dinámicas xa xeradas... moitos factores, pero creo que na creación contemporánea a pregunta é canto?

*Gena: Quédome con esa frase marabillosa de que é necesario e imprescindible e con esa pregunta, canto? A ver como lle entra na cabeza a moita xente...*

*Carmen: Non creo que dende o punto de vista profesional, en xeral, haxa dúbida diso.*

*Gena: Cres que é máis un problema de recursos?*

*Carmen: Eu creo que o esforzo é grande, que non sempre podes, non tes os recursos económicos. É complicado pero necesario e posible e, alomenos, débese introducir e buscar esas vías que ás veces son difíciles de atopar. Non hai dúbida, hai que facelo, entre todas e todos, hai que tentar buscar estratexias conxuntas e normalizalas. Por exemplo, nós, no *Primavera en Danza*, sempre cando contratamos, a primeira pregunta que lle facemos á compañía é: que nos ofreces a maiores do espectáculo?, como podemos enriquecelo?, que podes aportar?*

Na liña do que falamos antes, precisamos crear contexto, actividades, accións que acompañen á exhibición do espectáculo, para tentar chegar ao público e isto debera estar normalizado, tendo en conta que a dificultade é coñecida por todas as partes.

Podería e debería partir, non só dende as persoas que programamos, senón tamén dende as compañías que son as que coñecen mellor o traballo e as posibles accións que lle acaerían mellor á peza. Podes facer unha clase co alumnado do instituto ou podes facer unha presentación nun espazo a unha hora distinta, coas redes hai moitas cousas, moitas opcións nas que incluso a presenza física non é imprescindible.

A maioría das compañías son positivas cando lle fas a proposta pero insisto en que axudaría



# “a fortaleza creo que ao final está en crear redes que conecten coa sociedade”

moito co traballo se tamén partira delas,...estas son as miñas propostas, esta ten este custe ou esta podo facela incluída no prezo. Creo que nisto as compañías teñen que poñerse as pilas, nós non sempre o podemos facer, aínda que sexa parte da nosa función e creo que tamén é parte da función da compañía que, entendo, non quere só facer un espectáculo e deixalo aí, non? como empresa ou como proposta artística quere que chegue a quen ten que chegar que se entenda como se ten que entender, non? É importante ese esforzo tamén.

*Gena: Si, é importante buscar esas estratexias conxuntas que creo que moitas compañías xa tentan desenvolver e algúns proxectos levan facendo tempo como a Programación Expandida do TRC Danza do Rosalía de Castro. Pero tamén pasa por acompañalas e facerlles o seguimento de forma axeitada dende as institucións, dende os lugares onde te programan porque, algunhas veces, parece que se fan por facer sen ningún coidado, sen ningunha atención e intención...o que ti dis, estratexias conxuntas...*

*Carmen: Si, si estou de acordo, evidentemente ti non podes chegar a un sitio e soltar unha bomba sen máis, sen saber a onde vai, claro que non, pero creo que, en xeral, faltan esas propostas, non a vontade. En concreto este ano na Primavera en Danza que son cinco espectáculos, dos cinco creo que só unha das compañías ofertou xa co espectáculo unha actividade.*

Creo que as compañías deben ser máis conscientes de que un espectáculo necesita dese acompañamento, poñer un mínimo por ambas partes é moi relevante e eu creo que dentro duns anos isto estará máis que normalizado. Que se consiga que a proposta teña un contexto é esencial que se poida achegar ao público, que realmente mediemos que tamén é a nosa función como programadoras/es que mediemos entre o espectáculo e o público. Estou convencida de que será o seguinte paso que se dará e se normalizará.

*Gena: Espero que desta vez sexamos quen de facelo ben para que permaneza tempo, crear unha estrutura, un contexto forte para que non se repitan exemplos como a desaparición do En Pé de Pedra, ou doutros festivais e centros de produción en tan pouco tempo.*

*Carmen: Este é un traballo moi sensible, moi fráxil e a fortaleza creo que ao final está en crear redes que conecten coa sociedade, co público pero tamén con outras institucións con outras compañías ou colectivos como é o caso da nosa colaboración co Colectivo RPM coas Residencias Paraíso. Ao final se debaixo hai unha rede que sustenta, iso axuda a que non se caian as cousas ou, alomenos, a que manteñan un pouquiño a caída.*

---

### **Texto 3. Cara a unha escena plural. Gena Baamonde entrevista a Carmen Castro.**

*Publicado en xuño de 2019 na órbita do espazo de análise e posta en acción “Cara a unha escena plural”, unha mesa de traballo arredor da circulación da danza e a creación contemporánea nos espazos escénicos galegos. O espazo, impulsado por Caterina Varela e Sabela Mendoza, sucede no marco da Galicia Escena PRO, o encontro de profesionais do campo da artes escénicas que organiza Escena Galega e Agadic.*